

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS LGL 2º BACH

▪ **PRIMEIRA AVALIACIÓN**

- **Comunicación oral e escrita.** (Todo o curso)
 - **Lectura, comprensión, análise e comentario de texto:**
 - Resumo breve do texto ou dunha parte del.
 - Estrutura do texto.
 - Ideas principais e secundarias (esquema).
 - Intencionalidade do texto.
 - Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
 - Significado (definición ou explicación) dalgunha palabra ou expresión no texto.
 - Comentario crítico.
- **Funcionamento da lingua.** (Repaso todo o curso)
 - Fonética, fonoloxía e ortografía. Conceptos básicos. O sistema vocálico e o sistema consonántico. Descrición de fonemas. Ditongos e tritongos. A acentuación: casos especiais.
 - Morfoloxía da palabra.
 - As relacións semánticas: A sinonimia. Tabús e eufemismos. Polisemia e homonimia. Homografía e homofonía. Relacións entre significados. Os cambios semánticos. Definicións de palabras.
 - As categorías gramaticais (Repaso dos temas de 1º Bacharelato): o determinante artigo. O nome substantivo e adxectivo: caracterización. Xénero e número. A gradación do adxectivo.
- **Lingua e sociedade.** (Repaso todo o curso)
 - Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
 - Historia da normativización. A construción da variedade estándar. Interferencias lingüísticas: castelanismos. Desviacións da norma.
- **Educación literaria**
 - **A literatura galega de 1916 a 1936.** (Repaso todo o curso). Información sobre o contexto, tendencias, grupos, influencias...; información dos principais autores e obras, cos seus correspondentes trazos característicos (contido, estilo...), así coma da importancia que esa época, grupo ou tendencia, autor ou obra supuxeron na historia da literatura.
 - A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras máis representativas.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS LGL 2º BACH

- A poesía de vangarda. Características, autores e obras máis representativos. Departamento de Lingua Galega e Literatura.
 - A prosa de 1916 a 1936: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
 - O teatro de 1916 a 1936: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.
 - **Comentario literario.** (todo o curso). Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega dos períodos incluídos no temario. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto social e histórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
 - Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos dunha obra completa do período literario referido.
 - Contidos non traballados en 1º bacharelato que se consideren imprescindibles para o progreso do alumnado (recollidos no plan de reforzo e ampliación).
- **SEGUNDA AVALIACIÓN**
- **Comunicación oral e escrita.** (Todo o curso).
 - **Lectura, comprensión, análise e comentario de texto.**
 - Resumo breve do texto ou dunha parte del.
 - Estrutura do texto.
 - Ideas principais e secundarias (esquema).
 - Intencionalidade do texto.
 - Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
 - Significado (definición ou explicación) concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.
 - Comentario crítico.
 - **Funcionamento da lingua.** (Repaso na terceira avaliación).
 - Sintaxe: Unidades e funcións sintácticas.
 - As categorías gramaticais. (Repaso dos temas de 1º Bacharelato)
 - O pronome persoal: Caracterización. Formas. Funcións e usos das series tónica e átona. Os reflexivos. Outros usos de SE. A colocación do pronome átono. Secuencias de pronomes átonos. A interpolación.
 - Outros determinantes e/ou pronomes: Os demostrativos. os posesivos. Os relativos, interrogativos e indefinidos. Os numerais.
 - **Lingua e sociedade.** (Repaso na terceira avaliación).
 - O galego, lingua en vías de normalización.
 - O galego no primeiro terzo do século XX: contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas fundamentais.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS LGL 2º BACH

- As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos.
- **Educación literaria.**
 - **Comentario literario** (Todo o curso). Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega dos períodos incluídos no temario. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto social e histórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
 - **A literatura entre 1936 e 1976.** (Repaso na terceira avaliación). Información sobre o contexto, tendencias, grupos, influencias...; información dos principais autores e obras, cos seus correspondentes trazos característicos (contido, estilo...), así coma da importancia que esa época, grupo ou tendencia, autor ou obra supuxeron na historia da literatura.
 - Xeración do 36, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.
 - A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).
 - A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.
 - O teatro galego entre 1936 e 1975: a xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.
 - A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.
 - **Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos dunha obra completa do período literario referido.**
- **TERCEIRA AVALIACIÓN**
 - **Comunicación oral e escrita.** (Todo o curso):
 - Lectura, comprensión, análise e comentario de texto.
 - Resumo breve do texto ou dunha parte del.
 - Estrutura do texto.
 - Ideas principais e secundarias (esquema).
 - Intencionalidade do texto.
 - Opinión do autor sobre algún aspecto que se indique. Será especialmente interesante para o alumnado que perciba as ironías, por exemplo, e non entenda só o que se di, senón o que se quere dicir.
 - Significado (definición ou explicación) concreto no texto dalgunha palabra ou expresión.
 - Comentario crítico.

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS LGL 2º BACH

- **Funcionamento da lingua.**
 - Sintaxe: Unidades e funcións sintácticas.
 - As categorías gramaticais (Repaso dos temas de 1º Bacharelato):
O verbo. Formas: A raíz. A vogal temática. Os sufixos modo-temporal e de número e persoa. Os verbos irregulares. Categorías verbais: O modo, tempo e aspecto. Valores temporais e modais. O infinitivo persoal e o participio. As perífrases verbais.
 - O adverbio.
 - A preposición a as locucións prepositivas.
 - A conxunción e as locucións conxuntivas
- **Lingua e sociedade.**
 - O galego de 1936 a 1975: contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas fundamentais.
 - O galego a finais do século XX e comezos do XXI: contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas fundamentais.
- **Educación literaria.**
 - **Comentario literario.** (Todo o curso). Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega do temario. Identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto social e histórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.
 - **A literatura galega de 1975 ata a actualidade.** Información sobre o contexto, tendencias, grupos, influencias...; información dos principais autores e obras, cos seus correspondentes trazos característicos (contido, estilo...), así coma da importancia que esa época, grupo ou tendencia, autor ou obra supuxeron na historia da literatura.
 - Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.
 - Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.
 - Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século. Ditos bloques de contidos deberán recoller os correspondentes estándares de aprendizaxe para avaliar os resultados. D2.
 - Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos dunha obra

SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS LGL 2º BACH

completa do período literario referido.

Esta distribución poderá ser modificada por razóns pedagóxicas ou de organización do curso académico.